



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 31 DE XANEIRO DE 2013

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa asistencia os profesores Manuel Reyes García Hurtado, Gustavo Rego Veiga e Araceli Torres.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

Tras dar a benvida aos asistentes, o reitor abre o seu informe dando conta da celebración, na propia Universidade da Coruña, do Consello Galego de Universidades. Nel tratáronse distintos asuntos de trámite, entre os que cabe salientar os informes favorables a todas as titulacións propostas polo Consello de Goberno e o Consello Social, ben como o anteproxecto de lei de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2013, en que se conteñen distintas medidas de aplicación nas universidades do SUG, que o reitor comenta: redución da masa salarial nun 5%, e unha redución de 6 millóns de euros, en concepto de regularización dos ingresos por taxas académicas, co que as universidades teñen discrepancias. Tamén houbo discrepancias coa mudanza dunha partida de 20 millóns de euros desde o financiamento estrutural ao financiamento por resultados. O proxecto de lei de orzamentos inclúe un mecanismo de autorización da Consellería de Facenda das prazas de contratados, tanto temporais como estables, das tres universidades.

Finalmente, o reitor dá conta do nomeamento de Paolo Rungo, profesor contratado doutor da Facultade de Economía e Empresa, como adxunto de planificación estratéxica da Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas; de Isaac Fuentes Boquete, actual secretario da Comisión de Doutoramento, como secretario da Escola Internacional de Doutoramento da UDC; por último, dá conta do cesamento de Xosé Manuel Portela Fernández como representante do Comité de Empresa no Consello de Goberno, tras a súa dimisión como presidente e membro deste comité. Cando se renove o Comité de Empresa, procederá a nomearse a quen resulte elixido presidente como membro deste Consello de Goberno, por designación do reitor.



En substitución do vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente (ausente), o reitor informa da convocatoria urxente, o 25 de xaneiro, de dúas prazas de contratado interino de substitución, as dúas con dedicación P06, unha por incapacidade temporal (Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación), e outra por necesidades docentes da Área de Comercialización e Investigación de Mercados, así como outras dúas de profesor asociado tipo 1 con dedicación a tempo parcial P03 para a Área de Radioloxía e Medicina Física. Estas prazas figuran como **anexo III**.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen informa de que o Consello Social da UDC, na súa sesión do 20 de decembro de 2012, acordou a concesión do premio Impulso UDC ao Grupo Integrado de Enxeñaría da UDC, cuxo coordinador é o profesor Richard J. Duro Fernández. Así mesmo, acordou a concesión do Premio Confianza UDC á empresa ENMACOSA, S.A. O acto de entrega destes premios terá lugar o 7 de febreiro ás 19:00 na Sala de Prensa da Reitoría.

O 9 de xaneiro de 2013 publicouse a [convocatoria de acceso ao Viveiro de Empresas de Base Tecnolóxica da UDC](#), con data límite de presentación de solicitudes ata o venres día 25 de xaneiro do 2013. A convocatoria modificouse posteriormente debido á renuncia dunha das iniciativas aloxada actualmente no viveiro de empresas da UDC e abriuse un novo prazo de presentación de solicitudes, ata o martes día 5 de febreiro de 2013. Recentemente, Héctor Gómez, profesor titular de Matemática Aplicada na ETSECCP, vén de obter o Premio Juan Carlos Simó 2012 ao mellor investigador novo no ámbito dos métodos numéricos na enxeñaría. Este premio é outorgado pola “Sociedad Española de Métodos Numéricos en Ingeniería” (SEMNI). O vicerreitor dálle os seus parabéns ao profesor Gómez e á ETSECCP.

O pasado día 22 de xaneiro publicouse no DOG a resolución pola que se modifica parcialmente a resolución do 22 de novembro de 2012 pola que se conceden as axudas de apoio á etapa predoutoral. A dita modificación é motivada polas renuncias presentadas por algúns beneficiarios. Con esa mesma data (22-1-2013) publícase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas correspondente á modalidade A das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral.



No BOE do 24 de xaneiro publicouse a resolución do 10-1-2013 do MINECO pola que se resolve a convocatoria de proxectos do Plan Nacional. A UDC acadou 29 proxectos concedidos. Precisamente en relación cos proxectos do Plan Nacional, o día 20 de decembro de 2012 o MINECO publicou unha nota informativa na súa páxina web en que indica que, ante a próxima aprobación do Plan estatal de I+D+i, comunícase que a convocatoria equivalente á de proxectos de investigación fundamental non orientada, que habitualmente se publicaba a finais de decembro, adíase ata a aprobación do programa anual de traballo do dito Plan estatal, prevista para os primeiros meses de 2013.

Os días 23, 25 e 29 de xaneiro producíronse unha serie de xuntanzas informativas cos investigadores principais directamente afectados polas novidades que se están a producir en relación coa contratación de persoal investigador ou técnico con cargo a proxectos competitivos e contratos de investigación, motivados polas novidades habidas en materia da lexislación laboral aplicable. En breve a Xerencia ditará unha instrución co novo procedemento.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa pola súa banda de que, unha vez rematados os traballos de carga do orzamento, este está operativo.

Porén, e como consecuencia da falta dunha cuantificación definitiva do Plan de financiamento do sistema universitario galego, co proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia en trámite parlamentario, e pola normativa vixente sobre estabilidade orzamentaria tomouse a determinación de non autorizar ata novo aviso a adquisición de compromisos de gasto superiores ao 40% do crédito inicial, salvo excepcións relacionadas na instrución do 21 de xaneiro sobre o orzamento 2013 que se pode atopar na páxina web da Vicerreitoría.

Informa tamén de que o cadro de tipos de rateo de IVE para 2013 foi modificado respecto ao de anos anteriores polos problemas de xustificación ante a Axencia Tributaria da vinculación dos gastos imputados aos programas 111A (Consello Social), 300C (Centros) e 422D (ensino universitario) coa investigación. A partir de agora cando se pretenda financiar con cargo a estes programas un expediente de gasto vinculado a actividades de investigación será necesario, para unha correcta aplicación do rateo do IVE, tramitar a correspondente transferencia ao programa 541A (Investigación).



A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación informa de que o 15 de xaneiro foi publicada a convocatoria de mobilidade de estudantes do curso 2013/2014, destinada á realización de estadías con fins de estudo en universidades estranxeiras. A convocatoria inclúe tanto o programa Erasmus con Fins de Estudos como a mobilidade internacional no marco de convenios bilaterais asinados pola UDC con institucións que se atopan fóra da órbita do programa PAP-Erasmus. Esta convocatoria finánciase coas achegas orzamentarias conxuntas da Comisión Europea e da Universidade da Coruña. Para o programa PAP-Erasmus a dotación é de 544.500,00 euros, e para mobilidade por convenios bilaterais: 65.000,00 euros.

Esta convocatoria baséanse no novo Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional de estudantes, aprobado no Consello de Goberno do 20 de decembro de 2012.

Precisamente, respecto da aprobación deste Regulamento, recordarán os señores membros do Consello de Goberno que quedara condicionada á reunión e ditame da Comisión de Relacións Internacionais da UDC. A devandita comisión foi convocada o 27 de decembro. Unanimemente, decidiuse non aceptar a emenda que se fixera ao art. 7 do Regulamento. As razóns que se aducen son dúas: racharía co espírito da norma de unificar as regras de participación e adxudicación para as convocatorias de mobilidade internacional, abríndose unha porta á constante modificacións das normas que rexen o proceso, e porque se entendeu que o artigo 13.2 do Regulamento en materia de recoñecemento académico permite ás facultades ou centros determinar algunhas regras propias que xoguen no deseño da súa mobilidade, respectando no posible a autonomía das titulacións.

Convocáronse as bolsas da Fundación Carolina de doutoramento e posgrao, en que a UDC participa a través de convenios específicos, cofinanciando parte das estadías.

Tamén está aberto o prazo, ata o 21 de febreiro, para presentación de solicitudes para o curso 2013/2014 no marco do programa Tempo (Erasmusmundus) para os estudantes da Facultade de Ciencias, Escola Politécnica Superior, ETS Enxeñería de Camiños, Canais e Portos; Facultade de CC Económicas e Empresariais e Facultade de Filoloxía (inglés). Este programa ofrece bolsas de 1 000 euros/mes (1 500 euros/mes, no caso dos estudantes de doutoramento) para estudar en inglés un semestre



ou un ano completo nalgunha das universidades de Europa do leste que participan no programa.

O mesmo prazo está aberto para PDI e PAS que desexen facer estadias breves dun ou dous meses nalgunha das universidades do leste que participan no programa, actividades dotadas con bolsas de 2 500 euros/mes.

Na súa quenda, o secretario xeral dá conta do estado do proceso electoral en curso, que terá o seu punto culminante o vindeiro martes día 5 de febreiro coa primeira votación electrónica xeral da UDC.

O pasado día 28 foi publicada no taboleiro electoral electrónico a proclamación definitiva de candidaturas, así como a resolución das reclamacións presentadas contra a proclamación provisoria de candidaturas, resolución que foi acordada por unanimidade pola Comisión Electoral Central (CEC) celebrada o pasado 25 de xaneiro pola mañá.

Desde o martes día 29, está aberta a campaña electoral, que rematará o vindeiro luns 4 de febreiro. Neste sentido, destacar que a CEC, nesa mesma reunión do pasado 25 de xaneiro, aprobou unha instrución sobre criterios de utilización das listaxes institucionais en campaña electoral, que incorporan algunhas novidades relevantes ao exercicio da moderación deste mecanismo de campaña. Está dispoñible no taboleiro electoral electrónico.

Solicitamos a colaboración de todos para difundir o proceso electoral. O venres poremos ao dispor de toda a comunidade universitaria as instrucións de voto electrónico, para que poida ser coñecido coa suficiente antelación.

O secretario céntrase a continuación na resolución das reclamacións presentadas contra a listaxe provisional de candidaturas (un total de 1 259 candidaturas validadas). Presentáronse un total de 45 reclamacións, das que foron estimadas 22, e desestimadas 23. Houbo varias incidencias relevantes, relacionadas todas coa mecánica de presentación das candidaturas, que o secretario xeral pasa a comentar para coñecemento do Consello de Goberno.

Lembra que o REX establece no seu artigo 15.2 que “*As candidaturas presentaranse mediante a instancia electrónica que estará accesible no taboleiro electoral electrónico antes das 14:00 horas do último día do prazo previsto para o efecto*”. No trámite de presentación de reclamacións ao censo provisorio, a Secretaría Xeral aceptou, e mesmo recomendou, a presentación do formulario de reclamacións mediante correo electrónico,



en coherencia co réxime xeral de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (Lei 11/2007), coa propia filosofía que inspirou a reforma do REX no ano 2011 e, por último, coa idea de facilitar ao máximo a realización dos trámites dos membros da comunidade universitaria coa administración electoral, nunha época de exames.

A transmisión do formulario por correo electrónico é un método complementario da presentación das solicitudes por rexistro, que a resolución reitoral de convocatoria do proceso non establece como preceptiva ou obrigatoria (punto B.II.3: “*as candidaturas poden presentarse nas oficinas do rexistro xeral.. etc*”), de conformidade coa normativa básica de procedemento administrativo. Nos primeiros momentos da apertura de prazo, ás 9:00 do día 14, e por circunstancias imprevistas, producíronse algunhas confusións sobre o formulario dispoñible, que foron solucionadas no propio día.

A Comisión Electoral Central foi flexible na hora de presentación electrónica dos formularios de candidaturas, que se admitiron até as 14:30 h, dado que o sistema só permite deixar constancia do momento de recepción, non da emisión do correo, momento este que determina a presentación en prazo, sendo así que pode haber demoras nos servidores informáticos.

En cambio, non se aceptaron aquelas reclamacións en que o interesado ou interesada deixou de presentar o formulario de candidatura por erros propios (caso dos PAS de Náutica para a Xunta de Centro e de dous estudantes dos Comités, para o Claustro), por considerarse tal ausencia irreparable nun procedemento de concorrencia como o electoral.

O acordo sobre este punto foi adoptado por unanimidade da CEC, incluído o representante de estudantes (Comités), e a listaxe de reclamacións estimadas e desestimadas foi publicada no taboleiro electoral electrónico o propio día 25 á última hora da mañá, deixándose xa preparados os PDF de proclamación de candidaturas definitivas para a súa publicación o propio 28 (día non lectivo na Universidade), de conformidade co calendario electoral aprobado pola RR do 19 de novembro de 2012.

Non obstante, o secretario remata o seu informe engadindo que a Comisión Electoral Central analizará nunha vindeira reunión as alternativas para solucionar a falta de representación dos PAS de Náutica na Xunta de Facultade.



O xerente informa, na súa quenda, de que tras as últimas reunións celebradas tanto coa Xunta de Persoal como co Comité de Empresa do PAS os días 11 e 15 de xaneiro pasado, finalizouse o proceso de negociación colectiva da nova RPT do persoal de administración e servizos da UDC e acadouse un importante nivel de acordo nos aspectos esenciais da nova estrutura de postos e criterios de redistribución de efectivos.

De acordo co previsto no Plan de financiamento do SUG 2011-2015 (apartado sexto), no máis breve prazo posible remitirase a nova RPT á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a súa autorización pola Consellería de Facenda, e posterior aprobación polo Consello de Goberno e informe do Consello Social da UDC.

Dáse conta tamén da *Resolución do 27 de decembro de 2012 pola que se reordena o réxime de xornada, horarios de traballo, vacacións e permisos do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña*, tras a correspondente negociación e acordo cos órganos de representación de persoal. Esta resolución establece a adaptación do réxime de xornada, permisos e vacacións á nova normativa estatal básica ditada na materia, considerando as particularidades propias da prestación dos servizos universitarios e a necesidade de mellorar os horarios de atención ao público.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 20 de decembro

Tras a lectura da acta do pasado Consello de Goberno do 20 de decembro, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade,

Amelia Fraga sinala que na páxina 8 debe emendarse a acta no sentido seguinte: onde di “Tamén solicita que os profesores o divulguen nas aulas, e que se o ano que vén quedan desertos, se faga unha convocatoria extraordinaria” debe dicir “Tamén solicita que os profesores o divulguen nas aulas, e que se estude a posibilidade de sumar á convocatoria do próximo ano as que este quedaron desertas, a modo dunha convocatoria extraordinaria”. E na páxina 24 onde di “Unha estudante de enfermaría de Ferrol...” debería dicir “intervén en nome dunha estudante...”

Na páxina 22, Fernando Agrasar aclara que a proposta foi da Xunta de Escola, non dun grupo de estudantes.



Con estas aclaracións, a acta apróbbase por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo IV**, que se clasifican nesta ocasión de dous (2) convenios marco, dez convenios específicos (10), e corenta e sete convenios para prácticas (47) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbbase por asentimento.

4. Bases reguladoras do procedemento de avaliación plurianual dos grupos, unidades e investigadores/as do catálogo da UDC e convocatoria de avaliación para o ano 2013

O vicerreitor expón a razón de someter as bases reguladoras deste procedemento á consideración do Consello de Goberno, así como as razóns de oportunidade que levaron á súa formulación actual, que conta co informe favorable da Comisión de Investigación.

Tras a anterior exposición, ábrese unha quenda de intervencións.

O profesor Luis Castedo comeza notando unha errata tipográfica na páxina 2, parágrafo 1.4. Comenta tamén a sección 2.3. e propón incluír nas bases a valoración dos contratos regulados pola Lei da ciencia.

Valora positivamente a ponderación introducida no punto 5.1 e 5.2, mais no que atinxe á avaliación dos investigadores individuais, considera contraditoria a ponderación co anexo IV. Tamén se refire á inclusión dos custos indirectos achegados.

María Luisa Sánchez Simón opina que estas avaliacións teñen repercusión nas condicións de traballo do profesorado. Se o equipo ou o investigador non son avaliados, non recibe fondos de investigación, o que pode ser desincentivador do PDI.

O vicerreitor replica considerando que a avaliación categórica dun investigador individual é similar á dun grupo, mais a tradución numérica desa avaliación (ponderación) debe fixarse de xeito que estimule a



agregación dos investigadores. O vicerreitor engade que a convocatoria permite agora reavaliarse por unha soa vez aos grupos que se consideren mal avaliados. Os custos indirectos dos proxectos en 2012 aboáronse ao 50% a partir do baremo de produción científica e á avaliación da ANEP. Neste ano, só se aboarán en función desta última. O vicerreitor aproveita para comunicar que os custos indirectos dos proxectos do MINECO se reduciron en 4 puntos, do 21 ao 17%.

O profesor Castedo insiste sobre a conveniencia de manter o reparto de custos indirectos mediante baremo.

Finalmente, o profesor Sobrino Heredia toma a palabra para manifestar o seu malestar sobre os múltiples trámites administrativos que teñen que sufrir os investigadores xestores de proxectos de investigación.

O reitor intervén para lamentar a proliferación de trámites, controles e auditorías a que se somete a nosa actividade, moitas veces reiterativos e contraproducentes, mais tamén lamenta a escasa marxe que nos queda ante uns trámites impostos por lei, ao tratarse de financiamento público, moitas veces comunitario.

Tras o anterior debate, apróbanse as bases por asentimento, segundo figuran no **anexo V**.

5. Proposta cambio de área de coñecemento

O profesor colaborador Antonio Couce Casanova solicita o cambio de área de coñecemento dentro do mesmo departamento, desde a área de Enxeñaría Eléctrica á de Enxeñaría dos Procesos de Fabricación.

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo VI**.

6. Proposta cambio de dedicación

Proponse pasar a dedicación de José Ron Romero (contratado interino de substitución de Dereito Administrativo) de P04 a P06, e de Octavio Campo Villares (asociado de Economía Aplicada) de P03 a P06.

A proposta apróbase por asentimento e consta como **anexo VII**.



7. Proposta de venias docentes

Iván Vizcaíno Casas solicita a venia docendi para impartir a materia de dereito sindical na EU de Relacións Laborais para o curso 2012/2013. Conta con informe favorable, malia que con observacións, do Departamento de Dereito Público Especial.

Apróbase por asentimento, segundo figura como **anexo VIII**

8. Licenzas

A profesora Gumersinda Seara Paz, profesora axudante de enxeñaría da construción na EUAT, solicita licenza de tres meses (do 4 de febreiro de 2013 ao 4 de maio de 2013) para desenvolver unha estadía de investigación na Área de Ciencia e Tecnoloxía de Materias do Departamento de Ciencia e Enxeñaría dos Materiais, Medio Ambiente e Urbanismo na Universidade Politécnica de Marche (Ancona, Italia).

Apróbase por asentimento e figura como **anexo IX**

9. Memorias de anos sabáticos do curso académico 2011/2012

Enviouse unha memoria de anos sabáticos para informe do Consello de Goberno.

Indícase que o profesor Ignacio Sánchez Cámara non enviou o informe porque pasou a prestar servizos noutra Administración cando estaba ao comezo do ano sabático.

Apróbase por asentimento, segundo figura no **anexo X**.

10. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Ana Barxa considera que a información sobre o voto electrónico chega tarde. Tamén critica a súa exclusión como candidata ao Claustro, sinalando o que ao seu xuízo son contradicións do procedemento. Solicita un posicionamento do profesorado a favor da folga do estudantado convocada para o vindeiro 6 de febreiro.



Amelia Fraga indica que o estudiantado de Logopedia de Ciencias da Educación se queixa de que se lle requiriu un ingreso por pagamento de taxas universitarias, ao considerarse que o seu crédito se liquidou por Ciencias da Educación, e non por Ciencias da Saúde. Consideran que é un fallo administrativo da Universidade e pide que non se lle requira o pagamento. Tamén solicitan máis fraccionamento dos pagos de matrícula. A mesma representante comenta unha queixa recibida pola cualificación do persoal docente responsable do título propio de protocolo. Por último, lembra que Alejandro Castro Brandariz está agardando que o reitor lle responda ás preguntas que fixo no Claustro de decembro.

Jorge (Iesga) considera que a difusión publicitaria do proceso electoral é insuficiente.

Luis Castedo solicita o amaño das fochas existentes nas estradas de acceso ao campus de Elviña. Solicita igualmente a retirada do coche abandonado diante da Facultade de Informática. Así mesmo, manifesta dúbidas sobre o proceso de sinatura electrónica das actas, pedindo que se deixe aberta a posibilidade de sinatura manual a aquelas persoas que así o soliciten. Pregunta tamén sobre a revisión da RPT e por último comenta as “irregularidades” nos trámites de presentación de candidaturas no actual proceso electoral.

Ignasi Colominas refírese ao mal estado das vías de acceso ao campus de Elviña e ao vehículo aparcado. Pregunta sobre o estado actual da regularización urbanística e en particular sobre o edificio da área científica.

Alvaro Baaliña comenta tamén o problema da representación do PAS no seu centro, e agradece a proposta de solución feita polo secretario xeral.

Miguel Muñoz Cantero solicita a incorporación de non doutores (profesores de instituto) ao catálogo de grupos de investigadores.

En quenda de réplica, o reitor lembra que as vías de acceso do campus e a retirada de vehículos abandonados son competencias municipais. Trátase dun tema en que a Universidade segue a insistirle ao Concello a urxencia de que adopte medidas no exercicio das súas competencias.

O secretario xeral insiste en que a forma de presentación de candidaturas estaba suficientemente clara, como demostra o escaso número de reclamacións. A Comisión Electoral Central analizou cada unha detidamente, e chegou ás conclusións xa expostas por unanimidade. Verbo



da escasa publicidade, o secretario lembra a situación de recortes orzamentarios, que tamén afectan a estas partidas. Ademais, a Secretaría Xeral considerou que, dado que a prioridade da campaña institucional é o estudantado, era máis eficaz centrar os esforzos na difusión do proceso mediante a web e as redes sociais.

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías reconece, efectivamente, un erro na liquidación da matrícula, pero debe rectificarse, con todas as facilidades que sexan.

Respecto do título propio de posgrao en protocolo, non se detectou ningunha irregularidade pola unidade competente, polo que haberá que esperar a outra.

Sobre a sinatura electrónica das actas, considera que, se pretendemos axilizar e simplificar os procesos administrativos, non queda máis remedio que dar pasos neste sentido, coa prudencia que se estime oportuna. Neste sentido, neste primeiro cuadrimestre ralentizáronse os prazos de incorporación da sinatura dixital, manténdose a opción de sinatura en papel até que estea rematado o proceso de xeración de certificados electrónicos.

O xerente expón de novo o estado da RPT, subliñando o alto grao de consenso logrado.

Finalmente, Ana Iglesias comenta que na titulación de Logopedia, a Administración do seu centro abriu un prazo de pagamento individualizado, para dar as máximas facilidades de pagamento a cada estudante.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 11:55 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito